

SESIÓN EXTRAORDINARIA DIA 14 DE MARZO DE 2016

SEÑORES ASISTENTES:

Presidente:

D. Juan Alonso Tembrás

Concelleiros:

D. Francisco Sueiras Dopico.

D. Victor Anidos Vilaboy

D. Jesús Fernández Formoso

D. José López Sachocos

D. Juan Carlos López Tembrás

D^a M^a Azucena Otero Pena

D^a M^a Beatriz Martínez López

D^a Maria Carmen Criado Bello

Secretario:

D. Arturo A. Blanco Veloso.

No salón de sesións da Casa do Concello de As Somozas, ás trece horas do día 14 de marzo de 2016 baixo a Presidencia do Alcalde , Sr. D. Juan Alonso Tembrás, asistido do Secretario, D. Arturo Andrés Blanco Veloso concorriron previa citación en forma os concelleiros que á marxe se relacionan, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para esta data.-

Iº.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Reúnese a Corporación en primeira convocatoria e de conformidade co establecido no artigo 91 do Regulamento das Entidades Locais, pola Presidencia pregúntase se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior, que tivo lugar o 14 de decembro de 2015. É aprobada por unanimidade e sen modificacións, o non formularse ningunha observación nin reparo.

IIº.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO PROXECTO CORREXIDO : SENDA PEONIL DE GARITA A O FOXO. -Dase conta da Resolución da Alcaldía de data 02/02/2016. A Corporación dase por enterada e por unanimidad acorda:

- Ratificar a devandita Resolución, do seguinte tenor:

“Visto as modificacións efectuadas no proxecto “ SENDA PEONIL DE GARITA A FOXO” incluído no Plan de Obras e Servizos. Anualidade 2016, RESOLVO:

1º.- Aprobar as modificacións efectuadas no proxecto “SENDA PEONIL DE GARITA A FOXO” incluído no Plan de Obras e Servizos . Anualidade 2016.

2º.- Trasladar o presente acordo a Excm. Deputación Provincial da Coruña.

3º.- Dar conta da presente resolución na próxima sesión plenaria que se celebre”-

IIIº.- PARTICIPAR NO “PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI 2016)” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.- -Dase conta da Circular relativa á aprobación das Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI 2016) da Excm. Deputación Provincial da Coruña. A Corporación dase por enterada e por unanimidade acorda:

1.-“Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	NÚMERO/CÓDIGO PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
	TOTAL	0

B) Investimentos (obras ou subministracións)

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
ALUMEADO PÚBLICO ENTRE OS LUGARES DE LAMEIRA E A TOCA	38468,95	0	38468,95
REPOSICIÓN PASARELAS NA AREA RECREATIVA DA IGREXA	32272,62	0	32272,62
ACCESO EN VILACHAVE (A PENA) E OUTROS	43671,45	0	43671,45
INTERIOR EN SANTO ESTEVO E OUTROS	41987,35	0	41987,35
TOTAL	156400,37	0	156400,37

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	0
Subtotal investimentos (obras ou subministracións)	156400,37
TOTAL	

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
CAMIÑO NO VIETEIRO E OUTROS	30176,53
TOTAL	30176,53



3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarse o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

IVº.- DETERMINACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL PARA A CONCELLERÍA DELEGADA DE CULTURA E DEPORTES.- Á vista da proposta da Alcaldía do día 03 de marzo de 2016, a Corporación por unanimidade adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Determinar que o cargo de CONCELLEIRO DE CULTURA E DEPORTES realice a súa función en réxime de dedicación parcial para así poder atender eficientemente estes servizos e descargar á Alcaldía do traballo que estas tarefas lle viñan ocupando, e debendo ter unha presenza efectiva mínima no concello de 30 horas semanais

SEGUNDO Establecer a favor do membro da Corporación que desempeñe o seu cargo en réxime de dedicación parcial as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social; esta corporación deberá asumir o pagamento das cotas empresariais que corresponda.



CONCELLO
AS SOMOZAS

— O cargo de CONCELLEIRO DE CULTURA E DEPORTES percibirá unha retribución anual bruta de 12.600,00 €.

TERCEIRO. Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia o acordo do Pleno, para os efectos do seu xeral coñecemento.

CUARTO. Notificarlles o dito acordo ao interesado e ao Servizo de Persoal e Intervención para o seu coñecemento e para os efectos oportunos

E non habendo máis asuntos de que tratar que os comprendidos na orde do día, dase por rematada a sesión sendo as trece horas cincuenta e cinco minutos , do que, como Secretario dou fé.



Asdo. Juan Alonso Tembrás.



Asdo.: Arturo A. Blanco Veloso